



Boletín Oficial

Provincia de Ourense



N.º 231 · Martes, 5 outubro 2004

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

SUMARIO

I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Aprobación definitiva dos estatutos do Inorde	2
Curso de Internet avanzado	11
Curso sobre a concesión administrativa no ámbito das corporacións locais	13

II. ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO

Tesourería Xeral da Seguridade Social	
Dirección Provincial de Ourense	
Notificación a Manuel Novoa Dacal	17
Axencia Tributaria	
Delegación de Ourense	
Anuncio de subhasta para o día 27 de outubro de 2004	17
Confederación Hidrográfica do Norte	
Comisaría de Augas. Ourense	
Información pública do expediente A/32/10247 de solicitude de autorización de obras	19
Comisaría de Augas. Oviedo	
Notificación da iniciación do expediente sancionador S/32/0072/04	20
Confederación Hidrográfica do Douro	
Secretaría Xeral. Valladolid	
Información pública da solicitude de concesión dun aproveitamento de auga do río Tâmega no termo municipal de Oímbra	20

IV. ENTIDADES LOCAIS

Castro de Miño	
Notificación colectiva do padrón do IAE de 2004	21
Laza	
Adxudicación do contrato da obra de pavimentación do acceso a Cerdedelo	22
Merca (A)	
Información pública da licenza municipal para instalación de liña de media tensión e centro de transformación	22
Ourense	
Concesión ó Banco Popular Español, SA da licenza de apertura de oficina bancaria	22
Notificación da providencia de constrinximento a diversos debedores correspondente a multas da Policía Local do ano 2004	23
Ribadavia	
Aprobación definitiva de ordenanzas fiscais	26
Rúa (A)	
Información pública da licenza de apertura de adegas artesanais de elaboración de viños	35
San Cristovo de Cea	
Exposición pública da conta xeral de 2003	35
Teixeira (A)	
Aprobación definitiva do expediente de suplemento de crédito n.º 1/04	36
Verea	
Decreto da Alcaldía da delegación de competencias no concelleiro D. Diego Paz Tain	36
Vilar de Barrio	
Anuncio de cobro do IAE	37
Mancomunidade de Municipios Terra de Celanova	
Anuncio de cobranza da taxa de rede de sumidoiros	38

I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Aprobación definitiva de los estatutos del Inorde	6
Curso de Internet avanzado	12
Curso sobre la concesión administrativa en el ámbito de las corporaciones locales	14

II. ADMINISTRACIÓN GENERAL DEL ESTADO

Tesorería General de la Seguridad Social	
Dirección Provincial de Ourense	
Notificación a Manuel Novoa Dacal	17
Agencia Tributaria	
Delegación de Ourense	
Anuncio de subasta para el día 27 de octubre de 2004	18
Confederación Hidrográfica del Norte	
Comisaría de Aguas. Ourense	
Información pública del expediente A/32/10247 de solicitud de autorización de obras	20
Comisaría de Aguas. Oviedo	
Notificación de la iniciación del expediente sancionador S/32/0072/04	20
Confederación Hidrográfica del Duero	
Secretaría General. Valladolid	
Información pública de la solicitud de concesión de un aprovechamiento de agua del río Tâmega en el término municipal de Oímbra	21

IV. ENTIDADES LOCALES

Castro de Miño	
Notificación colectiva del padrón del IAE de 2004	21
Laza	
Adjudicación del contrato de la obra de pavimentación del acceso a Cerdedelo	22
Merca (A)	
Información pública de la licencia municipal para instalación de línea de media tensión y centro de transformación	22
Ourense	
Concesión al Banco Popular Español, SA de la licencia de apertura de oficina bancaria	23
Notificación de la providencia de apremio a diversos deudores correspondiente a multas de la Policía Local del año 2004 ..	24
Ribadavia	
Aprobación definitiva de ordenanzas fiscales	30
Rúa (A)	
Información pública de la licencia de apertura de bodega artesanal de elaboración de vinos	35
San Cristovo de Cea	
Exposición pública de la cuenta general de 2003	35
Teixeira (A)	
Aprobación definitiva del expediente de suplemento de crédito n.º 1/04	36
Verea	
Decreto de la Alcaldía de la delegación de competencias en el concejal D. Diego Paz Tain	37
Vilar de Barrio	
Anuncio de cobro del IAE	37
Mancomunidad de Municipios Terra de Celanova	
Anuncio de cobranza de la tasa de alcantarillado	38

**V. TRIBUNAI S E XULGADOS**

Tribunal Superior de Xustiza de Galicia	
Sala do Social. A Coruña	
Recurso de suplicación n.º 557/2002-MRA	38
Xulgado do Social n.º 1 de Ourense	
Autos n.º 620/2004	39
Xulgado de 1ª Instancia n.º 3 de Ourense	
Xuízo executivo 636/2000	40

V. TRIBUNALES Y JUZGADOS

Tribunal Superior de Justicia de Galicia	
Sala de lo Social. A Coruña	
Recurso de suplicación n.º 557/2002-MRA	39
Juzgado de lo Social n.º 1 de Ourense	
Autos n.º 620/2004	39
Juzgado de 1ª Instancia n.º 3 de Ourense	
Juicio ejecutivo 636/2000	40

I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**

A Corporación Provincial, na sesión do día 24 de setembro de 2004, acordou aprobar definitivamente a adaptación dos estatutos do Inorde á Lei 57/2003, unha vez concluído o expediente regulamentario.

Para os efectos do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, publícase a continuación ó texto íntegro da referida adaptación.

Capítulo I.**Disposicións xerais****Artigo 1.**

O Instituto Ourenán de Desenvolvemento Económico (Inorde) é un organismo autónomo local de natureza administrativa, dependente da Deputación Provincial de Ourense, creado ó abeiro do disposto na lexislación de réxime local, que exercerá as funcións e actividades establecidas nestes estatutos.

Artigo 2.

1. O Instituto Ourenán de Desenvolvemento Económico, na súa condición de organismo autónomo local de natureza administrativa, é unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia e autonomía económica e administrativa para a realización dos seus fins, así como para a xestión do seu patrimonio. Rexerase polo establecido nos presentes estatutos e polas disposicións que lle sexan aplicables, conforme co establecido na lexislación de réxime local.

2. O Instituto Ourenán de Desenvolvemento Económico queda adscrito á Presidencia da Deputación Provincial, para os efectos previstos na lexislación de réxime local e nos presentes estatutos. A Presidencia poderá delega-lo exercicio de todas ou algunhas das facultades que lle corresponden como órgano de adscrición nun deputado da Corporación.

Artigo 3.

O obxectivo do Instituto de Desenvolvemento Económico é a promoción, desenvolvemento e mellora das condicións económicas e sociais da provincia de Ourense, dirixindo as súas accións de forma especial a:

a) Potencia-lo desenvolvemento integrado e equilibrado das distintas zonas da provincia.

b) Facilitar e estimula-la adaptación das empresas ourensás ós cambios tecnolóxicos e ás esixencias do mercado.

c) Potencia-la reorganización e modernización das empresas ourensás, así como impulsa-la instalación en Ourense de novas empresas.

d) Promove-lo desenvolvemento, a modernización e a adaptación ó mercado e ás innovacións tecnolóxicas das explotacións agrícolas, gandeiras e forestais.

e) Presta-los servizos que contribúan a unha mellor xestión da empresa ourensá.

f) Impulsa-lo desenvolvemento do potencial turístico da provincia.

g) Fomenta- la creación de centros culturais e artísticos en Ourense.

h) Promover e organizar cursos de formación profesional especializada e de novas tecnoloxías, en colaboración con centros ou empresas interesadas nas distintas actividades.

i) Calquera outra actuación que sirva para o desenvolvemento, modernización e mellora da economía ourensá.

Artigo 4.

1. Para a consecución dos seus obxectivos, o instituto poderá realiza-las seguintes funcións:

a) Establecer e promover un sistema de asistencia técnica e asesoramento ás empresas e ós organismos e institucións.

b) Difundir entre as empresas a información que poida serlles útil na súa actividade.

c) Realiza-los estudos que permitan un mellor coñecemento dos sectores económicos e das empresas ourensás.

d) Promover e realizar cursos, seminarios, xornadas, concesión de bolsas e actividades similares dirixidas ós empresarios, ó persoal das empresas, ós profesionais e ós estudantes.

e) Contribuír ó financiamento da empresa ourensá mediante:

- A concesión de incentivos, que poden ser: subvencións a fondo perdido sobre o investimento aprobado, subvención de xuros sobre préstamos que o solicitante obteña das entidades financeiras, subvencións para a amortización de préstamos e calquera outra combinación das subvencións anteriores.

- A participación, con carácter transitorio ou permanente, no capital de sociedades públicas do sector público ou privado, sen fins lucrativos, que contribúan ó cumprimento dos obxectivos do instituto.

- A participación na posta en marcha de novas sociedades.

f) Promover e establecer acordos técnicos e económicos de todo tipo de empresas, organismos, institucións, asociacións e expertos que poidan contribuír ó cumprimento dos obxectivos do Inorde. En especial, poderanse establecer convenios con empresas e outras entidades ou organismos interesados, para colaborar e organiza-los cursos previstos na letra h) do artigo anterior, xestionando o Inorde toda clase de subvencións posibles doutros organismos de calquera tipo, públicos ou privados, e organizando e dirixindo ou colaborando nas actividades, concedendo así mesmo as subvencións que estime pertinentes para tal fin con cargo ós seus orzamentos, preferentemente coas empresas e entidades que se comprometan a contratar unha porcentaxe significativa do persoal que supere os cursos.

g) Realizar actividades de promoción de empresas mediante a organización ou subvención de misións, participación en exposicións, feiras e certames ou outros actos similares.

h) Calquera outra función destinada ó cumprimento dos obxectivos sinalados no artigo anterior.

2. Para o exercicio das súas funcións, o Instituto Ourenán de Desenvolvemento Económico disporá das mesmas potestades administrativas que a lei lle atribúe á Deputación, agás a potestade expropiadora, a potestade normativa e a potestade tributaria. Nos casos en que o instituto precise do exercicio das ditas facultades, solicitarao do Pleno da Deputación, elevándolle o correspondente proxecto de expropiación, de normas regulado-



ras dos seus servizos ou de establecemento de taxas, segundo os casos. A iniciativa para solicitar do Pleno da Deputación o exercicio destas potestades corresponderalle, en exclusiva, ó Consello Reitor do instituto, sen que poida ser asumida por ningún outro órgano da Deputación ou do instituto.

Nos supostos de exercicio da potestade expropiadora, o Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico asumirá a condición de beneficiario da expropiación, cos dereitos e obrigas que establece a lexislación de expropiación forzosa.

Nos supostos de exercicio das potestades normativa ou tributaria polo Pleno da Deputación, este poderá aprobar inicialmente a proposta formulada polo instituto nos seus termos, ou rexeitala, devolvéndolle o proxecto ó instituto, con expresión da causa do rexeitamento. No suposto de aprobación inicial, no caso de que se formularan alegacións no trámite de información pública, o Pleno solicitará un informe non vinculante do instituto antes de resolver sobre estas.

Sen prexuízo do anterior, o instituto poderá exercer por si, a través do Consello Reitor, a potestade normativa referida ó establecemento de normas complementarias de funcionamento do Consello Reitor e da Comisión Executiva.

Artigo 5.

No ámbito dos seus fins, o instituto colaborará de xeito preferente coa Deputación Provincial, así como con aquelas institucións que na provincia promovan e persigan finalidades de mellora e desenvolvemento das condicións económicas e sociais.

Capítulo II

Dos órganos de goberno.

Artigo 6.

1. Os órganos de goberno do Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico son:

- O Consello Reitor
- A Comisión Executiva
- O Presidente

2. A súa actuación axustarase, no non previsto neste estatuto, á normativa que resulte de aplicación conforme á lexislación de réxime local.

3. Os actos administrativos ditados polos órganos de dirección do Instituto non poñerán fin á vía administrativa, e contra deste poderá interpoñerse recurso de alzada, cuxa resolución lle corresponderá ó presidente da Deputación Provincial, de conformidade co establecido na lexislación de procedemento administrativo común.

Sección 1ª.

Do Consello Reitor.

Artigo 7.

O Consello Reitor estará constituído polos seguintes membros: Presidente: o presidente do Inorde.

Vocais:

- Un deputado provincial, designado polo Pleno da Corporación.
- Dous representantes de Caixanova.
- O presidente da Cámara Oficial de Comercio e Industria de Ourense, ou persoa designada polo órgano competente da dita organización.
- O presidente da Confederación Empresarial de Ourense, ou persoa designada polo órgano competente da dita organización.
- Un representante doutras organizacións empresariais designado polo Pleno da Deputación.
- O delegado provincial da consellería competente en materia de industria e comercio.

- O delegado provincial da consellería competente en materia de turismo.

- O director da Escola Universitaria de Estudos Empresariais de Ourense, ou membro do Claustro que o director designe.

- Catro vogais designados polo Pleno da Deputación Provincial entre persoas con recoñecida actividade empresarial ou profesional na provincia de Ourense.

- Ata tres representantes libremente designados polo Consello Reitor, previamente constituído cos compoñentes previstos no presente artigo, entre persoas de recoñecida solvencia e prestixio.

- O xerente do instituto.

- Un representante de Caixa Galicia.

- Secretario: o da Deputación Provincial, ou funcionario que legalmente o substitúa.

- Interventor: o da Deputación Provincial, ou funcionario que legalmente o substitúa.

O Consello Reitor poderá elixir, de entre os seus membros, ata dous vicepresidentes, con funcións de suplencia do presidente nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade.

Cada entidade poderá substituír en calquera momento ós membros por ela designados.

En todo caso, procederase á renovación total do consello, con ocasión da constitución de nova Corporación provincial, dentro dos tres meses seguintes.

Artigo 8.

1. Ó Consello Reitor correspóndenlle as seguintes atribucións:

a) Defini- las directrices de funcionamento do Instituto e examinar e aproba-los seus plans e programas de actuación.

b) Estudar e aproba- lo proxecto de orzamentos anuais do instituto.

c) Aproba- la memoria anual de actividades presentada polo presidente, así como as contas do orzamento e de tesourería.

d) Solicitar do Pleno da Deputación o exercicio das potestades de expropiación, normativa ou tributaria, estudando e aprobando os correspondentes proxectos, e emitindo os informes que sobre estes lle solicite o Pleno da Deputación.

e) Aproba-las normas para o seu propio funcionamento e o da Comisión Executiva, complementarias das establecidas nos presentes estatutos.

f) Establecer prezos públicos polos servizos ou prestación que realice o instituto.

g) Resolve-los procedementos para o exercicio da potestade sancionadora que poida incoar e tramita-la Presidencia.

2.- O Consello Reitor exercerá as funcións enumeradas neste artigo sen máis limitacións que as derivadas das facultades de tutela que lle corresponden á Deputación Provincial de Ourense, particularmente, a da aprobación dos orzamentos e das contas do instituto.

Artigo 9.

1. O Consello Reitor reunirse cantas veces se estime preciso, trala convocatoria, acordada polo presidente, por propia iniciativa ou a pedimento dun tercio dos compoñentes do consello.

2. No último trimestre do ano, o Consello Reitor reunirse para aproba-lo proxecto de orzamentos e os programas de actuación para o exercicio seguinte.

3. Para realizar sesión en primeira convocatoria será necesaria a presenza de máis da metade dos membros que compoñen o consello. As sesións realizaranse en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que concurran un mínimo de dous membros, e se conte ademais coa presenza do presidente e o secretario.

4. No non previsto nos presentes estatutos, serán de aplicación ó réxime de funcionamento do Consello Reitor as normas



aplicables ó Pleno da Deputación Provincial. Non obstante, o Consello Reitor poderá aproba-las súas propias normas de funcionamento, así como as da Comisión Executiva.

Sección 2ª.

Da Comisión Executiva.

Artigo 10.

A Comisión Executiva estará composta polos seguintes membros:

Presidente: o presidente do Inorde

Vicepresidente 1º: o que o sexa do Consello Reitor.

Vicepresidente 2º: o que o sexa do Consello Reitor.

Vogais:

- Catro vogais, elixidos polo Consello Reitor, de entre os seus membros.

- O xerente do instituto que actuará con voz e voto.

Secretario: o da Deputación Provincial, ou funcionario que legalmente o substitúa.

Interventor: o da Deputación Provincial, ou funcionario que legalmente o substitúa.

Artigo 11.

Son atribucións da Comisión Executiva:

a) Executa- los programas específicos de actuación aprobados polo Consello Reitor, establecendo e aprobando as actuacións específicas que sexan precisas.

b) A adquisición, disposición ou alleamento de bens.

c) A aprobación das bases e convocatoria para a selección de persoal fixo de novo ingreso no instituto.

d) A aprobación dos expedientes para a realización de contratos administrativos e privados, e a adxudicación dos correspondentes contratos. Exceptúanse os contratos menores, cuxa preparación e adxudicación será competencia da Presidencia do instituto.

e) O exercicio de accións xudiciais e administrativas, a defensa nos procedementos incoados contra o instituto e a interposición de recursos, agás en casos de urxencia, nos que esta atribución lle corresponderá ó presidente, que someterá a decisión adoptada a ratificación da Comisión Executiva na primeira sesión que esta realice.

f) Aproba-las bases e convocatorias para a concesión de axudas ou subvencións no marco dos programas de actuacións aprobados, e resolver sobre o seu outorgamento.

g) Aproba-la participación do instituto, con carácter transitorio ou permanente, no capital social de sociedades públicas ou sociedades privadas sen fins lucrativos, que persigan fins concorrentes ou complementarios cos do instituto.

h) Aproba-la creación de sociedades públicas ou sociedades privadas sen fins lucrativos, que persigan fins concorrentes ou complementarios cos do instituto.

i) Aproba-la participación do instituto no padroado de fundacións públicas ou privadas ou entidades asociativas que persigan fins concorrentes ou complementarios cos do instituto.

Sección 3ª.

Do presidente do instituto

Artigo 12.

1. O presidente do Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico será designado polo Pleno da Deputación, a proposta do presidente da Deputación Provincial e co quórum de maioría absoluta do número legal de membros que integran a Corporación, entre funcionarios de carreira ou persoal laboral das administracións públicas ou profesionais do sector privado, titulados superiores en ámbolos dous casos e con máis de cinco anos de exercicio profesional no segundo.

O cargo de presidente do instituto será compatible co de deputado provincial.

O presidente do instituto poderá ser destituído polo Pleno da Deputación, a proposta do presidente da Deputación, co mesmo quórum esixido para a súa elección.

2. O presidente do instituto terá as seguintes atribucións:

a) A representación legal do instituto, incluíndo a sinatura de pactos, convenios e contratos autorizados polo órgano competente.

b) Convocar, determina-la orde do día, presidir, dirixi-las deliberacións e votacións, suspender e levanta-las sesións do Consello Reitor e da Comisión Executiva.

c) Autorizar co seu visto e prace os documentos do instituto, en que se requira.

d) Inspecciona- la marcha dos servizos do instituto.

e) Ordena-los pagos que se efectúen con fondos do Instituto.

f) Adopta-las resolucións necesarias para executar e facer cumpri-los acordos do Consello Reitor e da Comisión Executiva.

g) A xefatura superior do persoal do instituto, incluíndo todas as facultades que non lles correspondan expresamente a outros órganos.

h) As competencias relativas á contratación de persoal laboral temporal, sen prexuízo das facultades de control, seguimento e informe da Comisión de Control e Seguimento da Contratación de Persoal Temporal da Deputación Provincial de Ourense.

i) A elaboración dos proxectos de orzamentos, programas de actuación e proxectos de competencia do Consello Reitor, asistido polo xerente e polos demais servizos do instituto.

l) Calquera outra facultade que lle deleguen o Consello Reitor ou a Comisión Executiva.

m) Cantas facultades de goberno e administración do instituto non estean atribuídas expresamente a outro órgano.

Artigo 13.

Os vicepresidentes do Consello Reitor substituirán ó presidente nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, pola orde da súa designación.

Capítulo III

Réxime de tutela

Artigo 14

1. Sen prexuízo da súa autonomía de xestión, o instituto estará sometido a réxime de tutela por parte da Deputación.

O dito réxime intégrase polo sometemento do instituto ós mecanismos de control previstos no presente capítulo, que serán exercidos, con carácter xeral polo órgano de adscrición- a Presidencia da Deputación ou deputado provincial no que delegue- e directamente polo Pleno nos casos en que expresamente se prevexa así.

2. Correspóndenlle ó presidente da Deputación, ou deputado provincial no que delegue, as seguintes facultades de control sobre o instituto:

a) Ratifica-los acordos adoptados pola Comisión Executiva nas materias recollidas nas letras b) e d) do artigo 11, cando a contía dos actos e contratos a que se refiran os acordos excedan das que fixe a Presidencia da Deputación.

b) Ratifica-los acordos adoptados pola Comisión Executiva nas materias recollidas nas letras g), h) e i) do artigo 11.

c) Ser informado pola Presidencia do instituto, coa periodicidade que sinale, do grao de consecución dos obxectivos fixados nos programas de actuación aprobados, do estado de execución destes e dos orzamentos, así como da evolución dos gastos de persoal e da xestión dos recursos humanos e do patrimonio. Sen prexuízo dos informes periódicos, a Presidencia, como órgano de adscrición, poderá solicitar canta información estime precisa en calquera momento.



d) Recibir, anualmente, o inventario de bens e dereitos, debidamente actualizado, do Instituto.

e) Resolve-los recursos de alzada interpostos contra os actos e acordos ditados polos órganos de dirección do instituto.

3. Correspóndenlle ó Pleno da Deputación as facultades de control seguintes:

a) A aprobación dos orzamentos do instituto, integrados no Orzamento Xeral da Deputación Provincial.

b) A aprobación das contas do instituto, integradas á conta xeral da Deputación Provincial.

c) Os acordos que poñan fin á vía administrativa nos procedementos de expropiación instados polo instituto.

d) A aprobación dos proxectos normativos aprobados polo Consello Reitor.

e) A aprobación das ordenanzas fiscais para o establecemento de taxas pola prestación de servizos do instituto, e os correspondentes acordos de imposición e ordenación.

f) Aprobala reformas que estime conveniente introducir nestes estatutos, así como as que propoña o Consello Reitor, se as estimara procedentes.

g) Acordar, directamente ou a proposta do Consello Reitor, a disolución do instituto.

h) O nomeamento e destitución do presidente do instituto, e dun deputado provincial como vogal do Consello Reitor.

i) A solicitude de información sobre a situación do instituto ou de calquera dos seus proxectos, programas ou actos de xestión. Ademais, e durante o primeiro trimestre de cada exercicio, daráselle conta ó Pleno da Memoria anual do instituto aprobada polo Consello Reitor.

Capítulo IV

Da Xerencia do Instituto

Artigo 15.

1. O instituto contará cun xerente, con funcións de xestión e execución material e directa das súas actuacións. Non terá consideración de órgano do instituto nin poderá adoptar actos administrativos con efectos fronte a terceiros, aínda que será vogal nato do Consello Reitor e da Comisión Executiva.

2. O xerente será designado polo Consello Reitor, trala convocatoria pública e con respecto ós principios de mérito e capacidade, en réxime de contratación laboral de carácter especial, como persoal de alta dirección, con carácter temporal e conxuntamente coa normativa específica de aplicación á dita relación laboral especial.

3. Son funcións do xerente, que exercerá baixo a dirección inmediata do presidente do Instituto:

a) Xestiona-la execución material dos acordos adoptados polos órganos de dirección do instituto, e realiza-lo seguimento da dita execución.

b) Impulsa-lo funcionamento de tódolos servizos do Instituto, incluíndo a dirección material e coordinación do persoal.

c) A elaboración e preparación material dos expedientes, informes e proxectos que sexan sometidos á aprobación dos órganos de dirección do instituto.

d) Elevar propostas ós órganos de dirección para o seu debate e resolución.

e) Presentarlle á Comisión Executiva o anteproxecto dos orzamentos, das contas do instituto e a memoria anual de actividades.

Artigo 16.

A Comisión Executiva poderá acorda-la creación doutras unidades ou dependencias de categoría inferior á xerencia, para o mellor desenvolvemento das funcións a cargo desta, segundo o demanden as necesidades de funcionamento do instituto.

Capítulo V

Do exercicio das funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter nacional

Artigo 17.

1. As funcións de fe pública e asesoría legal preceptiva corresponderanlle ó secretario xeral da Deputación Provincial, ou funcionario que legalmente o substitúa.

2. As funcións de control e fiscalización interna da xestión económico-financeira e orzamentaria corresponderanlle ó interventor da Deputación Provincial, ou funcionario que legalmente o substitúa.

Capítulo VI

Do persoal

Artigo 18

1. O persoal técnico, administrativo ou auxiliar necesario para o funcionamento do instituto será contratado por este, con suxeición ós principios de mérito, capacidade e publicidade, e mediante os procedementos de oposición, concurso ou concurso-oposición. O dito persoal rexerese polas normas de dereito laboral e aquelas outras que sexan de aplicación.

2. A contratación de persoal laboral de carácter temporal rexerese polo disposto na Ordenanza provincial reguladora da contratación laboral temporal. Para estes efectos, os actos atribuídos á competencia da Presidencia da Deputación Provincial na dita ordenanza serán realizados polo presidente do instituto. Nos procedementos ordinarios promovidos polo instituto, a Presidencia do instituto poderá nomear un representante na Comisión de Control e Seguimento da Contratación de Persoal Temporal da Deputación Provincial, que substituirá a un dos representantes da Deputación Provincial no dito órgano de control, determinado pola Presidencia da Deputación.

3. A determinación e modificación das condicións retributivas, tanto do persoal directivo como do resto do persoal, deberán axustarse en todo caso ás normas que ó respecto aprobe o Pleno da Deputación. Para estes efectos, os convenios colectivos, pactos ou acordos relativos ó persoal do instituto, no que afecte ó réxime retributivo do persoal, deberán ser sometidos á ratificación por parte do Pleno da Deputación Provincial.

Capítulo VII

Dos recursos económicos e medios patrimoniais

Artigo 19.

Os recursos económicos do Instituto estarán integrados por:

- As cantidades que a Deputación consigne nos seus orzamentos anuais como transferencias para o funcionamento e actividades do instituto.

- As subvencións e donativos de entidades oficiais ou particulares.

- O rendemento do patrimonio do instituto, e se é o caso do patrimonio provincial que se lle adscriba, salvo disposición en contrario no acordo de adscrición.

- Operacións de crédito

- O produto de multas ou sancións.

- Os ingresos por taxas ou prezos públicos polos servizos prestados polo instituto.

- Os recursos que puideran obterse por herdanza, legado o calquera outro título lexítimo.

Artigo 20.

1. Para o cumprimento dos seus fins, o instituto poderá adquirir toda clase de bens a título oneroso ou gratuito, conforme coa normativa vixente. Igualmente, poderán arrendar bens e dereitos de calquera clase.

2. Ademais do seu patrimonio propio, o instituto poderá ter adscritos, para os seus fins, bens de titularidade da Deputación Provincial. Nos casos dos bens inmoables, a adscrición deberá



ser acordada polo Pleno da Deputación Provincial. Nos restantes casos, será acordada pola Presidencia da Deputación Provincial.

O réxime específico de adscripción determinarase no acordo correspondente, con suxeición a normativa sobre patrimonio das administracións locais que resulte de aplicación.

Artigo 21.

O instituto someterase ó sistema de contabilidade pública aplicable ás entidades locais.

Capítulo VIII

Da disolución e liquidación

Artigo 22.

O Instituto Ourenán de Desenvolvemento Económico disolvérase polas seguintes causas:

- 1º) Por disposición da lei
- 2º) Por imposibilidade manifesta de realización dos fins que constitúen o seu obxecto.
- 3º) Por insuficiencia dos medios económicos necesarios para a súa subsistencia e funcionamento, sempre que non sexa puramente transitoria ou conxuntural.

4º) Por calquera outra causa que se estime como suficiente para proceder á extinción

Artigo 23.

A disolución nos supostos sinalados baixo os números 2º, 3º e 4º do artigo 22, corresponderalle ó Pleno da Deputación Provincial.

No caso de disolución por imperativo legal, atérase ó disposto na lei que estableza a disolución.

Artigo 24.

No acordo de disolución do instituto, a Deputación Provincial nomeará unha comisión liquidadora, que elaborará un proxecto de liquidación e disolución do instituto, o cal será aprobado polo Pleno da Deputación Provincial, que disporá o necesario para a súa execución.

A Deputación Provincial sucederá universalmente ó instituto trala súa extinción, sen prexuízo dos dereitos de terceiros que consten acreditados no expediente de liquidación.

Disposición transitoria

No prazo máximo dun mes contado a partir do día seguinte ó da entrada en vigor dos presentes estatutos, a Deputación Provincial procederá á designación do presidente do instituto e do deputado provincial que a represente no Consello Reitor. Unha vez nomeado, e no prazo máximo dun mes, o presidente do instituto procederá á convocatoria dun Consello Reitor para a elección de vicepresidentes conforme co establecido nos presentes estatutos.

Os restantes membros actuais do Consello Reitor conservarán o seu cargo ata que se proceda á súa renovación ó renovarse a Corporación provincial, sen prexuízo da posibilidade da súa remoción durante o dito período por acordo das entidades que os nomeasen.

En tanto non se proceda ó nomeamento do presidente do instituto e do deputado provincial representante da Deputación no Consello Reitor, manteranse nas súas funcións os actuais presidente e vicepresidente 1º do Consello Reitor.

Disposición derogatoria

Á entrada en vigor dos presentes estatutos, quedarán derogados os anteriores estatutos do Instituto Ourenán de Desenvolvemento Económico aprobados por acordo do Pleno da Deputación Provincial do 28 de xuño de 1988, coa súa modificación do 20 de decembro de 2002.

Disposición final

Os presentes estatutos entrarán en vigor ó día seguinte ó da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia,

e sempre que transcorreran os prazos previstos no artigo 65.2 en relación co artigo 70.2 da Lei reguladora das bases do réxime local.

Ourense, 28 de setembro de 2004. O presidente.

Asdo.: José Luis Baltar Pumar.

La Corporación Provincial, en la sesión del día 24 de septiembre de 2004, acordó aprobar definitivamente la adaptación de los estatutos del Inorde a la Lei 57/2003, una vez concluido el expediente reglamentario.

A los efectos de lo dispuesto en el artículo 70.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, se publica a continuación el texto íntegro de la referida adaptación.

Capítulo I.

Disposiciones generales

Artículo 1.

El Instituto Ourenano de Desarrollo Económico (Inorde) es un organismo autónomo local de naturaleza administrativa, dependiente de la Diputación Provincial de Ourense, creado al amparo de lo dispuesto en la legislación de régimen local, que ejercerá las funciones y actividades establecidas en estos estatutos.

Artículo 2.

1. El Instituto Ourenano de Desarrollo Económico, en su condición de organismo autónomo local de naturaleza administrativa, es una entidad de derecho público con personalidad jurídica propia y autonomía económica y administrativa para la realización de sus fines, así como para la gestión de su patrimonio. Se regirá por lo establecido en los presentes estatutos y por las disposiciones que le sean aplicables, conforme con lo establecido en la legislación de régimen local.

2. El Instituto Ourenano de Desarrollo Económico queda adscrito a la Presidencia de la Diputación Provincial, a los efectos previstos en la legislación de régimen local y en los presentes estatutos. La Presidencia podrá delegar el ejercicio de todas o algunas de las facultades que le corresponden como órgano de adscripción en un diputado de la Corporación.

Artículo 3.

El objetivo del Instituto de Desarrollo Económico es la promoción, desarrollo y mejora de las condiciones económicas y sociales de la provincia de Ourense, dirigiendo sus acciones de forma especial a:

- a) Potenciar el desarrollo integrado y equilibrado de las distintas zonas de la provincia.*
- b) Facilitar y estimular la adaptación de las empresas ourensanas a los cambios tecnológicos y a las exigencias del mercado.*
- c) Potenciar la reorganización y modernización de las empresas ourensanas, así como impulsar la instalación en Ourense de nuevas empresas.*
- d) Promover el desarrollo, la modernización y la adaptación al mercado y a las innovaciones tecnológicas de las explotaciones agrícolas, ganaderas y forestales.*
- e) Prestar los servicios que contribuyan a una mejor gestión de la empresa ourensana.*
- f) Impulsar el desarrollo del potencial turístico de la provincia.*
- g) Fomentar la creación de centros culturales y artísticos en Ourense.*
- h) Promover y organizar cursos de formación profesional especializada y de nuevas tecnologías, en colaboración con centros o empresas interesadas en las distintas actividades.*
- i) Cualquiera otra actuación que sirva para el desarrollo, modernización y mejora de la economía ourensana.*



Artículo 4.

1. Para la consecución de sus objetivos, el instituto podrá realizar las siguientes funciones:

a) Establecer y promover un sistema de asistencia técnica y asesoramiento a las empresas y a los organismos e instituciones.

b) Difundir entre las empresas la información que pueda serles útil en su actividad.

c) Realizar los estudios que permitan un mejor conocimiento de los sectores económicos y de las empresas ourensanas.

d) Promover y realizar cursos, seminarios, jornadas, concesión de becas y actividades similares dirigidas a los empresarios, al personal de las empresas, a los profesionales y a los estudiantes.

e) Contribuir a la financiación de la empresa ourensana mediante:

- La concesión de incentivos, que pueden ser: subvenciones a fondo perdido sobre la inversión aprobada, subvención de intereses sobre préstamos que el solicitante obtenga de las entidades financieras, subvenciones para la amortización de préstamos y cualquier otra combinación de las subvenciones anteriores.

- La participación, con carácter transitorio o permanente, en el capital de sociedades públicas del sector público o privado, sin fines lucrativos, que contribuyan al cumplimiento de los objetivos del instituto.

- La participación en la puesta en marcha de nuevas sociedades.

f) Promover y establecer acuerdos técnicos y económicos de todo tipo de empresas, organismos, instituciones, asociaciones y expertos que puedan contribuir al cumplimiento de los objetivos del Inorde. En especial, se podrán establecer convenios con empresas y otras entidades u organismos interesados, para colaborar y organizar los cursos previstos en la letra h) del artículo anterior, gestionando el Inorde toda clase de subvenciones posibles de otros organismos de cualquier tipo, públicos o privados, y organizando y dirigiendo o colaborando en las actividades, concediendo así mismo las subvenciones que estime pertinentes para tal fin con cargo a sus presupuestos, preferentemente con las empresas y entidades que se comprometan a contratar un porcentaje significativo del personal que supere los cursos.

g) Realizar actividades de promoción de empresas mediante la organización o subvención de misiones, participación en exposiciones, ferias y certámenes u otros actos similares.

h) Cualquiera otra función destinada al cumplimiento de los objetivos señalados en el artículo anterior.

2. Para el ejercicio de sus funciones, el Instituto Ourense de Desarrollo Económico dispondrá de las mismas potestades administrativas que la ley le atribuye a la Diputación, excepto la potestad de expropiación, la potestad normativa y la potestad tributaria. En los casos en que el instituto precise del ejercicio de dichas facultades, lo solicitará del Pleno de la Diputación, elevándole el correspondiente proyecto de expropiación, de normas reguladoras de sus servicios o de establecimiento de tasas, según los casos. La iniciativa para solicitar del Pleno de la Diputación el ejercicio de estas potestades le corresponderá, en exclusiva, al Consejo Rector del instituto, sin que pueda ser asumida por ningún otro órgano de la Diputación o del instituto.

En los supuestos de ejercicio de la potestad de expropiar, el Instituto Ourense de Desarrollo Económico asumirá la condición de beneficiario de la expropiación, con los derechos y

obligaciones que establece la legislación de expropiación forzosa.

En los supuestos de ejercicio de las potestades normativa o tributaria por el Pleno de la Diputación, éste podrá aprobar inicialmente la propuesta formulada por el instituto en sus términos, o rechazarla, devolverle el proyecto al instituto, con expresión de la causa del rechazo. En el supuesto de aprobación inicial, en el caso de que se formulasen alegaciones en el trámite de información pública, el Pleno solicitará un informe no vinculante del instituto antes de resolver sobre éstas.

Sin perjuicio de lo anterior, el instituto podrá ejercer por sí, a través del Consejo Rector, la potestad normativa referida al establecimiento de normas complementarias de funcionamiento del Consejo Rector y de la Comisión Ejecutiva.

Artículo 5.

En el ámbito de sus fines, el instituto colaborará de forma preferente con la Diputación Provincial, así como con aquellas instituciones que en la provincia promuevan y persigan finalidades de mejora y desarrollo de las condiciones económicas y sociales.

Capítulo II

De los órganos de gobierno.

Artículo 6.

1. Los órganos de gobierno del Instituto Ourense de Desarrollo Económico son:

- El Consejo Rector
- La Comisión Ejecutiva
- El Presidente

2. Su actuación se ajustará, en lo no previsto en este estatuto, a la normativa que resulte de su aplicación conforme a la legislación de régimen local.

3. Los actos administrativos dictados por los órganos de dirección del instituto no pondrán fin a la vía administrativa, y contra éste podrá interponerse un recurso de alzada, cuya resolución corresponderá al presidente de la Diputación Provincial, de conformidad con lo establecido en la legislación de procedimiento administrativo común.

Sección 1ª.

Del Consejo Rector.

Artículo 7

El Consejo Rector estará constituido por los siguientes miembros:

Presidente: el presidente del Inorde.

Vocales:

- Un diputado provincial, designado por el Pleno de la Corporación.

- Dos representantes de Caixanova.

- El presidente de la Cámara Oficial de Comercio e Industria de Ourense, o persona designada por el órgano competente de dicha organización.

- El presidente de la Confederación Empresarial de Ourense, o persona designada por el órgano competente de dicha organización.

- Un representante de otras organizaciones empresariales designado por el Pleno de la Diputación.

- El delegado provincial de la consellería competente en materia de industria y comercio.

- El delegado provincial de la consellería competente en materia de turismo.

- El director de la Escuela Universitaria de Estudios Empresariales de Ourense, o miembro del Claustro que el director designe.



- Cuatro vocales designados por el Pleno de la Diputación Provincial entre personas con reconocida actividad empresarial o profesional en la provincia de Ourense.

- Hasta tres representantes libremente designados por el Consejo Rector, previamente constituido con los componentes previstos en el presente artículo, entre personas de reconocida solvencia y prestigio.

- El gerente del instituto.

- Un representante de Caixa Galicia.

- Secretario: el de la Diputación Provincial, o funcionario que legalmente lo sustituya.

- Interventor: el de la Diputación Provincial, o funcionario que legalmente lo sustituya.

El Consejo Rector podrá elegir, de entre sus miembros, hasta dos vicepresidentes, con funciones de suplencia del presidente en los casos de ausencia, vacante o enfermedad.

Cada entidad podrá sustituir en cualquier momento a los miembros por ella designados.

En todo caso, se procederá a la renovación total del consejo, con ocasión de la constitución de nueva Corporación provincial, dentro de los tres meses siguientes.

Artículo 8.

1. Al Consejo Rector le corresponderán las siguientes atribuciones:

a) Definir las directrices de funcionamiento del Instituto y examinar y aprobar sus planes y programas de actuación.

b) Estudiar y aprobar el proyecto de presupuestos anuales del instituto.

c) Aprobar la memoria anual de actividades presentada por el presidente, así como las cuentas del presupuesto y de tesorería.

d) Solicitar del Pleno de la Diputación el ejercicio de las potestades de expropiación, normativa o tributaria, estudiando y aprobando los correspondientes proyectos, y emitiendo los informes que sobre éstos le solicite el Pleno de la Diputación.

e) Aprobar las normas para su propio funcionamiento y el de la Comisión Ejecutiva, complementarias de las establecidas en los presentes estatutos.

f) Establecer precios públicos por los servicios o prestación que realice el instituto.

g) Resolver los procedimientos para el ejercicio de la potestad sancionadora que pueda incoar y tramitar la Presidencia.

2.- El Consejo Rector ejercerá las funciones enumeradas en este artículo sin más limitaciones que las derivadas de las facultades de tutela que le corresponden a la Diputación Provincial de Ourense, particularmente, la de la aprobación de los presupuestos y de las cuentas del instituto.

Artículo 9.

1. El Consejo Rector se reunirá cuantas veces se estime preciso, tras la convocatoria, acordada por el presidente, por propia iniciativa o a instancia de un tercio de los componentes del consejo.

2. En el último trimestre del año, el Consejo Rector se reunirá para aprobar el proyecto de presupuestos y los programas de actuación para el ejercicio siguiente.

3. Para realizar sesión en primera convocatoria será necesaria la presencia de más de la mitad de los miembros que componen el consejo. Las sesiones se realizarán en segunda convocatoria, una hora después de la señalada para la primera, siempre que concurran un mínimo de dos miembros, y se cuentan además con la presencia del presidente y del secretario.

4. En lo no previsto en los presentes estatutos, serán de aplicación al régimen de funcionamiento del Consejo Rector las

normas aplicables al Pleno de la Diputación Provincial. Sin embargo, el Consejo Rector podrá aprobar sus propias normas de funcionamiento, así como las de la Comisión Ejecutiva.

Sección 2ª.

De la Comisión Ejecutiva.

Artículo 10.

La Comisión Ejecutiva estará compuesta por los siguientes miembros:

Presidente: el presidente del Inorde

Vicepresidente 1º: el que lo sea del Consejo Rector.

Vicepresidente 2º: el que lo sea del Consejo Rector.

Vocales:

- Cuatro vocales, elegidos por el Consejo Rector, de entre sus miembros.

- El gerente del instituto que actuará con voz y voto.

Secretario: el de la Diputación Provincial, o funcionario que legalmente lo sustituya.

Interventor: el de la Diputación Provincial, o funcionario que legalmente lo sustituya.

Artículo 11.

Son atribuciones de la Comisión Ejecutiva:

a) Ejecutar los programas específicos de actuación aprobados por el Consejo Rector, estableciendo y aprobando las actuaciones específicas que sean precisas.

b) La adquisición, disposición o enajenación de bienes.

c) La aprobación de las bases y convocatoria para la selección de personal fijo de nuevo ingreso en el instituto.

d) La aprobación de los expedientes para la realización de contratos administrativos y privados, y la adjudicación de los correspondientes contratos. Se exceptúan los contratos menores, cuya preparación y adjudicación será competencia de la Presidencia del instituto.

e) El ejercicio de acciones judiciales y administrativas, la defensa en los procedimientos incoados contra el instituto y la interposición de recursos, excepto en casos de urgencia, en los que esta atribución le corresponderá al presidente, que someterá la decisión adoptada a la ratificación de la Comisión Ejecutiva en la primera sesión que esta celebre.

f) Aprobar las bases y convocatorias para la concesión de ayudas o subvenciones en el marco de los programas de actuaciones aprobados, y resolver sobre su otorgamiento.

g) Aprobar la participación del instituto, con carácter transitorio o permanente, en el capital social de sociedades públicas o sociedades privadas sin fines lucrativos, que persigan fines concurrentes o complementarios con los del instituto.

h) Aprobar la creación de sociedades públicas o sociedades privadas sin fines lucrativos, que persigan fines concurrentes o complementarios con los del instituto.

i) Aprobar la participación del instituto en el patronato de fundaciones públicas o privadas o entidades asociativas que persigan fines concurrentes o complementarios con los del instituto.

Sección 3ª.

Del presidente del instituto

Artículo 12.

1. El presidente del Instituto Ourense de Desarrollo Económico será designado por el Pleno de la Diputación, a propuesta del presidente de la Diputación Provincial y con el quórum de mayoría absoluta del número legal de miembros que integran la Corporación, entre funcionarios de carrera o personal laboral de las administraciones públicas o profesionales del sector privado, titulados superiores en ambos casos y con más de cinco años de ejercicio profesional en el segundo.



El cargo de presidente del instituto será compatible con el de diputado provincial.

El presidente del instituto podrá ser destituido por el Pleno de la Diputación, a propuesta del presidente de la Diputación, con el mismo quórum exigido para su elección.

2. El presidente del instituto tendrá las siguientes atribuciones:

a) La representación legal del instituto, incluyendo la firma de pactos, convenios y contratos autorizados por el órgano competente.

b) Convocar, determinar el orden del día, presidir, dirigir las deliberaciones y votaciones, suspender y levantar las sesiones del Consejo Rector y de la Comisión Ejecutiva.

c) Autorizar con su visto bueno los documentos del instituto, en que se requiera.

d) Inspeccionar la marcha de los servicios del instituto.

e) Ordenar los pagos que se efectúen con fondos del instituto.

f) Adoptar las resoluciones necesarias para ejecutar hacer cumplir los acuerdos del Consejo Rector y de la Comisión Ejecutiva.

g) La jefatura superior del personal del instituto, incluyendo todas las facultades que no les correspondan expresamente a otros órganos.

h) Las competencias relativas a la contratación de personal laboral temporal, sin perjuicio de las facultades de control, seguimiento e informe de la Comisión de Control y Seguimiento de la Contratación de Personal Temporal de la Diputación Provincial de Ourense.

i) La elaboración de los proyectos de presupuestos, programas de actuación y proyectos de competencia del Consejo Rector, asistido por el gerente y por los demás servicios del instituto.

l) Cualquiera otra facultad que le deleguen el Consejo Rector o la Comisión Ejecutiva.

m) Cuantas facultades de gobierno y administración del instituto non estén atribuidas expresamente a otro órgano.

Artículo 13.

Los vicepresidentes del Consejo Rector sustituirán al presidente en los casos de vacante, ausencia o enfermedad, por el orden de su designación.

Capítulo III

Régimen de tutela

Artículo 14.

1. Sin perjuicio de su autonomía de gestión, el instituto estará sometido a régimen de tutela por parte de la Diputación.

Dicho régimen se integrará por el sometimiento del instituto a los mecanismos de control previstos en el presente capítulo, que serán ejercidos, con carácter general por el órgano de adscripción - la Presidencia de la Diputación o diputado provincial en el que delegue - y directamente por el Pleno en los casos en que expresamente se prevea así.

2. Le corresponden al presidente de la Diputación, o diputado provincial en el que delegue, las siguientes facultades de control sobre el instituto:

a) Ratificar los acuerdos adoptados por la Comisión Ejecutiva en las materias recogidas en las letras b) y d) del artículo 11, cuando la cuantía de los actos y contratos a que se refieran los acuerdos excedan de las que fije la Presidencia de la Diputación.

b) Ratificar los acuerdos adoptados por la Comisión Ejecutiva en las materias recogidas en las letras g), h) e i) del artículo 11.

